

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 5 DE AGOSTO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

1617/08.- Promociones Fernández Taboada, S.L.- Legalizacións executadas na construción de edificio na R/ Xeneral Pardiñas núm.4.-

3.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbase unha axuda por importe de 1.312 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á prórroga do contrato de xestión da Escola Municipal de Música, e revisión de prezos de adxudicación.

Acórdase a prórroga do contrato por un ano, a contar dende o 3 de setembro, e a revisión dos prezos de adxudicación segundo o IPC, quedando fixado en 126.000 euros/ano e 378 euros/alumnos/ano, cun máximo de achega municipal de 90.000 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á realización dunha xornada sobre ACCIÓN VOLUNTARIA no municipio de Santiago de Compostela.

Acórdase a realización da devandita xornada, a desenvolver na primeira semana de outubro, cun orzamento de 7.000 euros.

6.- Diversas propostas relativas a contratación de persoal.

Acórdanse diversas prórrogas de contratos e contratacións en varios departamentos municipais.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do orzamento e bases das subvencións destinadas ao fomento de ACTIVIDADES DEPORTIVAS PUNTUAIS 2008.

Apróbase un orzamento de 70.900 euros para repartir entre os solicitantes, así como as bases para a concesión das subvencións.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa a recoñecemento de crédito.

Apróbanse facturas por importe de 737.402 euros e a súa imputación ás correspondentes partidas, e gastos por importe de 288.800 euros.

9.- Adxudicación do Servizo de desenvolvemento da Campaña de comunicación do proxecto de implantación dunha rede WIMAX no Casco Histórico.

Adxudícase o devandito servizo á empresa ACORDAR, por importe de 14.000 euros.

10.- Aprobación de proxecto e adxudicación das Obras de substitución e adecuación da pista deportiva do Pavillón Polideportivo de VITE.

Apróbase o proxecto e adxudícanse as obras á empresa MONTEBALSA, S.L., por un importe de 19.635 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á designación de arquitecto para a supervisión das obras do solo urbanizable non programado número 11 (SUNP-11) do Castiñeiriño.

Desígnase a Enrique Seoane Prado como arquitecto municipal responsable da supervisión das devanditas obras.

12.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á designación de arquitecto para a supervisión das obras do solo urbanizable non programado número 14 (SUNP-14). Tras Paxonal.

Desígnase a Enrique Seoane Prado como arquitecto municipal responsable da supervisión das devanditas obras.

13.- Proposta da alcaldía relativa á resolución de alegacións e aprobación da valoración do inmovible determinado pola Comisión pericial no expediente expropiatorio, por taxación conxunta, da Casa do Cabildo.

Acórdase ter coñecemento do prezo xusto resultante que se contén na acta da Comisión de expertos, que ascende a 2.289.170 euros, e apróbbase a valoración en base ao prezo xusto dado pola devandita Comisión.

14.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial da modificación do Proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 4 (SUNP-4). Camiño Francés.

Apróbanse inicialmente as modificacións propostas.

15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao pago do mutuo acordo da parcela número 14 do expediente expropiatorio para a ampliación do Campus Universitario (PE-8).

Acórdase o pago a tres propietarios da cantidade total de 19.000 euros do citado proxecto de expropiación, e a comunicación ao Xurado Provincial de Expropiación do mutuo acordo para que exclúa a parcela 14 da súa valoración

16.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á constitución da Entidade de conservación do polígono 1 do solo urbanizable non programado número 27 (SUNP-27) de Piñeiro.

Adóptase o acordo de constitución da Entidade de Conservación do devandito polígono e a súa remisión á Consellería de Política Territorial para a súa inscrición no rexistro de entidades urbanísticas.

17.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta da sinatura da acta de ocupación de terreos cedidos ao Concello de Santiago de Compostela, en virtude do Convenio urbanístico para a obtención do equipamento universitario EU-2 (San Lourenzo).

Tómase coñecemento da acta de ocupación asinada.

18.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao pago da resolución do Xurado de Expropiación Forzosa da parcela 7 do proxecto de expropiación para a construción do Tanatorio.

Tómase en coñecemento o prezo xusto resultante que se contén na resolución do Xurado Provincial de Expropiación, e que ascende a 424.252 euros. Acórdase o pago á Sociedade Tanatorio Boisaca S.L., como propietaria dos terreos, o importe de 208.969 euros máis os xuros devengados, que ata o 31 de decembro de 2008 ascenderían a 55.573 euros. Acórdase igualmente requirirille á sociedade mercantil adxudicataria TRAP S.A. os importes referidos anteriormente. Finalmente, requírese ao Xurado Provincial de Expropiación os xuros devengados entre a data de entrada do expediente no Xurado Provincial (4 de outubro de 2001) e a da determinación do prezo xusto (6 de novembro de 2006).

20.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación dando conta da sinatura dun convenio de colaboración coa Consellería de Vivenda e Solo.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas de rehabilitación municipal-portelos únicos de vivenda.

21.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social dando conta da concesión dunha subvención pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Dáse conta da concesión dunha subvención de 36.000 euros para o financiamento de proxectos de intervención social no marco do Plan de Desenvolvemento Xitano.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica dando conta da sinatura de diversos convenios para o desenvolvemento do programa de acceso á publicidade polo sector comercial/empresarial do municipio.

Dáse conta da sinatura dos devanditos convenios coas seguintes entidades: Made in Santiago S.C., Mediasiete Publicaciones S.A., Atresadvertising S.L.U. Editorial Compostela S.A., e La Voz de Galicia S.A.

23 a 42.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativas a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles (IBI); no imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO); e en auga, lixo e saneamento.

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

43.- Diversas propostas do concelleiro delegado de Facenda relativas á concesión de beneficios fiscais en diversas taxas e impostos.

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

44.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á ampliación do contrato de asistencia técnica para os traballos de modificación do catastro urbano de Santiago.

Amplíase o contrato asinado coa empresa EIBISA NORTE S.L. polo prazo dun ano, ata o 19 de xullo de 2009, o que supón un incremento do prezo orixinario de 39.600 euros.

URXENCIAS

1.- Apróbase a programación de actividades da Rede de Cooperación Local, cun custo de 30.000 euros.

2.- Acórdase a aceptación dunha subvención de 97.506 euros da Vicepresidencia da igualdade e do Benestar para Axuda no Fogar (SAF), así como a modificación do contrato vixente coa empresa

adxudicataria do SAF municipal, ampliando a contía do mesmo nun 20%, aplicando a parte proporcional desta subvención á prestación do servizo.

3.- Apróbase o orzamento e adxudícanse as obras de mantemento de fontanería e calefacción nos centros escolares dependentes do Concello a José María García Quintela, por importe de 49.994 euros.

4.- Apróbase o orzamento e o prego de cláusulas administrativas, e iníciase o expediente de contratación das obras de mantemento nos centros de educación infantil e primaria do Concello, cun tipo de licitación de 69.828 euros.

5.- Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente de contratación da conservación e mantemento do Cemiterio Municipal, cun tipo de licitación de 107.758 euros/ano e un prazo de execución de 2 anos con posibilidade de prórroga.

6.- Acórdase solicitar de AGADER a concesión dunha subvención de 145.650 euros (o 65% do custe total do proxecto) para as actuacións de restauración e posta en valor das carballeiras públicas de Nemenzo e Lavacolla, do espazo de lecer en Verdía, e para a restauración de fontes en lavadoiros en Os Vilares, Garabal, A Sionlla, Aríns e Vilamaior. O orzamento total é de 224.077 euros.

7.- Adxudícanse provisionalmente as obras de substitución do pavimento deportivo de madeira no pavillón polideportivo de Santa Isabel á empresa MONTEBALSA, S.L., por importe de 151.000 euros e un prazo de execución dun mes e medio.

8.- Apróbase o proxecto e adxudícanse as obras de construción da beirarrúa na transversal entre a rúa de Melide e a rúa Irmandiños á empresa 2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES, S.L., por un importe de 42.900 euros.

9.- Apróbanse as bases e a convocatoria de subvencións para o fomento do movemento asociativo e de defensa da muller para o ano 2008, por importe de 25.000 euros.

10.- Apróbase o proxecto da Deputación Provincial de ensanche e mellora da seguridade vial na C.P.7806 (rampa ao Avío). O orzamento de licitación é de 131.941 euros.

11.- Apróbase o proxecto do Consorcio de restauración da antiga Calzada de Sar, cun orzamento previsto de 800.000 euros.

12.- Acórsase o nomeamento dun funcionario de carreira para o departamento de Cultura.

13.- Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, e iníciase o expediente para a contratación de obras de limpeza e desbroce de cunetas das pistas do Concello, cun tipo de licitación de 199.878 euros.

14.- Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, e iníciase o expediente para a contratación de obras de reposición de pavimento en diversas beirarrúas da cidade, cun tipo de licitación de 199.577 euros.

15.- Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, e iníciase o expediente para a contratación das obras incluídas no proxecto complementario ao de execución das unidades de actuación A e B de Penamaría (San Lázaro), cun tipo de licitación de 76.047 euros.

16.- Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións a entidades sen fin de lucro no ámbito cultural. A contía que se destina a esta finalidade son 45.000 euros.

17.- Apróbase a sinatura de convenios entre o Concello de Santiago e as entidades: Fundación Rosalía de Castro (7.000 euros), Fundación Vía Galego (25.000), Museo do Pobo Galego (15.000), Asociación Cultural Barriga Verde (15.000), Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque (25.000), Asociación Cultural Musical Solfa (6.500), Federación de Libreiros (7.000), Asociación Cultural Cidade Vella (15.000), Asociación Cultural e Tempo Libre de Novo Circo e Cabaret Galega (15.000) e Sala Capitol (25.000).

18.- Adxudícanse os traballos de instalacións eléctricas de protección e grupo electrógeno do edificio destinado a Centro de Recursos e Servizos Integrais de Apoio á Empresa (CERSIA) á empresa DAVIÑA, S.L., por importe de 48.767 euros.

19.- Adxudícanse os traballos de carpintería de aluminio e vidriería do do edificio destinado a Centro de Recursos e Servizos Integrais de Apoio á Empresa (CERSIA) á empresa ARTEAL S.L., por importe de 49.979 euros.